



COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE XULLO DE 2019

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 4 de xullo de 2019.
2. Respecto aos calendarios das probas de avaliación:
 - a) Aprobar os calendarios das probas de avaliación das materias do Grao en Dereito para o curso académico 2019-2020.
 - b) Delegar na Vicedecana de Organización Académica e Profesorado a competencia para realizar as modificacións puntuais que procedan nos calendarios das probas de avaliación motivadas polos cambios que poidan producirse nas datas de avaliación das materias do Grao en ADE e que afecten ao Plan conxunto e, por conseguinte, ao Grao en Dereito.
3. Aprobar as modificacións do Regulamento de réxime interno que se someterán á aprobación da Xunta de Facultade.
4. Rectificar a data inicial do prazo de defensa pública do Traballo de fin de grao da convocatoria de xullo do curso académico 2019-2020 (17 de xullo en vez de 18 de xullo).

Ourense, 17 de xullo de 2019



Concepción Martínez Martínez
SECRETARIA DA FACULTADE DE DEREITO

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 16 de xullo de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 17 de xullo de 2019.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.